

UN LIBRO PARA CADA DÍA

## Rivadulla Corcón por partida dupla

*Redacción*. 'Amar unha serea' (Galaxia) e 'Os papeis do vagabundo' (Espiral Maior) son dous libros ben diferentes pero que comparten autoría e aroma: a busca do amor a través das letras. Os dous son obra de X. Henrique Rivadulla Corcón.

🕒 04.04.2011 | 18:59

TAGS: XOSÉ HENRIQUE RIVADULLA CORCÓN ,



X.H. Rivadulla Corcón. CRTVG

Rivadulla Corcón propón en *Amar unha serea* un relato de amor infantil a través da maxia da poesía. Varucho é un neno de oito anos soñador e con inclinación á literatura que se namora da súa compañeira Almudena, unha nena que ten que andar en cadeira de rodas e para a quen Varucho soña con colocarlle unha cola de serea e nadaren xuntos.

A través do amor e a poesía, o neno e a nena vivirán unha historia irrepitíbel con recendo a mar, a soños e a poesía. Como personaxes invitados, Bernardino Graña e Pepe Cáccamo. Edita Galaxia na colección 'Árbore'.

O outro libro de Rivadulla Corcón nos andeis de novidades é *Os papeis do vagabundo*. O escritor coruñés válese do recurso do "manuscrito atopado" neste caso nunha caixa de galletas para compor un poemario amoroso que quere tamén ser homenaxe a todos os que sufriron a posguerra do lado dos perdedores.

Rivadullaponse na pel dun misterioso vagabundo que namorou unha "viúva de vivos" cuxo home desapareceu no intento de fuxir da represión fascista. Poesía íntima e "rápida", escrita para ser lida en pequenos papeliños que o embazado poeta deixaba pregadiños na barra do bar que a muller tiña en Monte Alto (A Coruña).

Edita Espiral Maior.